

## **CONVOCATORIA DE PROBA PARA CONTRATOS FORMATIVOS PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA PROFESIONAL NA CATEGORÍA DE OPERADOR/A MONTADOR/A DE VÍDEO NA CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA, S. A.**

---

### **1. OBXECTO**

Selección de persoal para a realización de contratos en prácticas na categoría de Operador/a Montador/a de vídeo na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S. A.

### **2. PUBLICIDADE**

A convocatoria, listaxes e o calendario de celebración das probas publicaranse na páxina web da CSAG, <https://www.crtvg.gal/gl/ofertas-de-emprego>, medio polo que se xestionarán todas as comunicacións relacionadas co desenvolvemento do proceso selectivo.

O anterior sen prexuízo da publicación noutros medios coa finalidade de dar publicidade á convocatoria.

### **3. DEFINICIÓN DA CATEGORÍA LABORAL**

A categoría engloba a todas aquelas persoas que posúen demostrados coñecementos para realizar a montaxe de todo tipo de programas ou de producións de rexistro de programas de televisión. Coñecen as técnicas de montaxe e características do soporte para as gravacións.

Operan, explotan, conservan e manexan os aparellos electrónicos de axuste e manipulación de toda clase de sinais de vídeo e audio.

### **4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES**

Para poder presentarse ao proceso de selección, será obrigatorio o cumprimento dos seguintes requisitos á fin do prazo de presentación de solicitudes:

#### 4.1. Requisitos xerais:

4.1.1. Ter 16 anos de idade.

4.1.2. Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán

participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores des idade que vivan ás súas expensas. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.

4.1.3. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

4.1.4. Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública, dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trata de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de ser persoa nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

4.2. Requisitos específicos:

4.2.1. Estar en posesión da titulación do Ciclo superior de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4.2.2. Non ter experiencia profesional ou ter realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da empresa por un tempo superior a tres meses, sen que computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación ou certificado que habilite para a contratación.

4.2.3. Non ter estado contratado en prácticas na mesma ou distinta empresa por tempo superior a un ano en virtude da mesma titulación ou certificado de profesionalidade.

4.2.4. Non ter estado contratado en prácticas na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior a un ano, aínda que se trate de distinta titulación ou distinto certificado.

4.2.4. Estar en disposición de concertar o contrato de traballo para a obtención de práctica profesional dentro dos tres anos seguintes á terminación dos correspondentes estudos ou dos cinco anos, se se concerta cunha persoa con discapacidade.

## 5. TRIBUNAL

5.1. O tribunal encargado de valorar as probas será nomeado polo órgano convocante e publicado con posterioridade, unha vez aprobadas as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas.

5.2. O desenvolvemento do proceso realizarase consonte os principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade, concorrencia competitiva, transparencia e deberase garantir o segredo das probas.

5.3. As persoas membros do órgano de selección asinarán unha declaración de non atoparse incursas en ningún dos motivos previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Se á vista das listaxes de participantes observasen que concorren nelas algúns dos motivos citados deberán absterse de participar e notificaranllo á persoa que efectuou o nomeamento.

As persoas aspirantes poderán recusar as persoas que integran o tribunal cando concorran nelas algunha das circunstancias referidas no parágrafo anterior consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A autoridade que convoca publicará na páxina web da CSAG ([www.csag.gal](http://www.csag.gal)) a resolución correspondente pola que se nomeen as novas persoas membros do tribunal que substituirán ás que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas nesta base.

5.4. Adoptaranse os medios necesarios para que as persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33% que precisen adaptacións poidan desenvolver as probas en condicións de igualdade.

5.5. A persoa coa condición de lingüista encargarse de elaborar e cualificar en exclusividade a proba de galego. O resto das persoas que compoñen o tribunal encargaranse da elaboración e puntuación do resto das probas, coa excepción da persoa que ostente a secretaría, que non elaborará as probas nin as puntuará.

5.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas coa condición de asesoras especialistas para todas o algunha das probas, que se limitarán ao exercicio exclusivo das súas especialidades técnicas, polas que colaborarán co

órgano de selección. Deberán absterse de participar cando concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público e notificaranllo ao órgano que convoca.

## **6. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN E LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS**

6.1. As persoas aspirantes deberán enviar por correo electrónico ao enderezo proceso.seleccion@crtvg.gal unha solicitude, segundo modelo do anexo I, e a documentación que se indica a continuación:

6.1.1. Curriculum vitae.

6.1.2. Fotocopia do DNI.

6.1.3. Acreditación do requisito académico solicitado no que conste a nota media do expediente (certificado do título ou similar).

6.1.4. Certificado correspondente ao nivel de coñecemento de lingua galega do Celga 3 ou superior.

6.1.5. As persoas aspirantes que aleguen un grao de discapacidade deberán presentar o ditame técnico facultativo que acredite posuír o correspondente grao de discapacidade.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%, deberán facer constar no anexo se precisan de adaptación de tempo e/ou medios para a realización da proba e achegar o certificado da discapacidade onde conste o grao.

6.1.6. Declaración responsable, segundo Anexo II, no caso de ter formalizado outro contrato de traballo, de diferente modalidade ao de prácticas onde conste que non realizou as tarefas da categoría convocada especificadas na presente convocatoria.

6.1.7. Certificación da vida laboral actualizada.

6.1.8. Para o caso de que tivese formalizado con anterioridade outro contrato en prácticas, un certificado emitido pola empresa no que conste a duración das prácticas, o posto de traballo desenvolvido e as principais tarefas realizadas.

6.2. O prazo de recepción de solicitudes **remata o 28 de xuño de 2026**.

6.3. As persoas que posúan o Celga esixido estarán exentas da realización da proba de galego. Para a acreditación deberán achegar o certificado xunto á solicitude.

6.4. As persoas solicitantes que non achegasen a documentación requirida quedarán excluídas do proceso.

6.5. O órgano convocante publicará na páxina web de CSAG a listaxe provisional de persoas admitidas entre as aspirantes que cumpran todos os requisitos e presenten toda a documentación. De entre os/as participantes que cumpran todos os requisitos e presenten toda a documentación, o órgano convocante seleccionará os quince (15) expedientes con maior nota media.

Contra estas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas poderanse presentar alegacións ou emendas do defecto que motivou a exclusión no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes. Non se poderán presentar solicitudes fóra do prazo sinalado para o efecto.

As alegacións serán enviadas ao enderezo electrónico proceso.seleccion@crtvg.gal. O órgano convocante resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de cinco (5) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de persoas admitidas na páxina web da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A. Xunto coa listaxe definitiva publicarase a relación de persoas exentas de realizar a proba de coñecemento de lingua galega por acreditaren estar en posesión do Celga correspondente.

## **7. REALIZACIÓN DAS PROBAS**

7.1. Poderanse presentar ás probas as persoas que figuren na listaxe definitiva de persoas admitidas.

A data de realización de todas as probas será acordada polas persoas membros do Tribunal e anunciarase na páxina web da CSAG.

7.2. A valoración de coñecementos farase a través das seguintes probas:

### **7.2.1. Unha proba teórica tipo test (30 puntos).**

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de trinta preguntas (30) tipo test, propostas polo tribunal, máis tres (3) preguntas de reserva, sobre o contido do programa recollido como anexo II desta convocatoria. Cada pregunta conterá catro respostas alternativas das cales só unha delas será a correcta. As respostas incorrectas non penalizarán.

O exercicio terá unha duración máxima de trinta e cinco (35) minutos e cualificarase de 0 a 30 puntos.

### **7.2.2. Un exercicio práctico (70 puntos)**

A proba consistirá no manexo dun equipo de edición non lineal.

O exercicio terá unha duración máxima de dez (10) minutos e cualificarase de 0 a 70 puntos.

### **7.2.3. Un exercicio tipo test de coñecemento de lingua galega**

Esta proba, de carácter eliminatorio, terá un grao de dificultade consonte o programa do certificado Celga esixido na convocatoria e as súas cualificacións serán unicamente de apto ou de non apto. Para ter a cualificación de apto deberase obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10. A cualificación de non apto significará a exclusión do proceso. Estarán exentas de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga correspondente. En caso de non acreditar a posesión do nivel correspondente de Celga, a non superación da proba de lingua galega significará a eliminación do proceso.

O exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de dez (10) preguntas tipo test, propostas polo tribunal, máis dúas (2) preguntas de reserva. Terá unha duración de 12 minutos.

7.3 Para superaren o proceso, as persoas aspirantes deberán obter unha cualificación mínima de 50 sobre 100 na suma total de todas as probas, sen contar a proba de lingua galega.

## **8. RESULTADO DAS PROBAS REALIZADAS**

O tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas na páxina web da CSAG.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións contra os resultados provisionais de cada proba no prazo de cinco (5) días naturais desde a súa publicación. As alegacións enviaranse ao enderezo electrónico [proceso.seleccion@crtvg.gal](mailto:proceso.seleccion@crtvg.gal).

O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco (5) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de puntuacións.

## **9. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATES**

Para os efectos de confeccionar a listaxe definitiva de aprobados no suposto de que se produza un empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, a orde de prelación virá dada pola aplicación dos seguintes criterios de desempate:

- 1º. Aspirante de sexo feminino, cando na categoría se dean as condicións de infrarrepresentación previstas na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- 2º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio práctico.
- 3º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio teórico.
- 4º. Aspirante de maior idade.
- 5º. Aspirante elixido por sorteo, para o caso de persistir o empate.

## **10. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA**

10.1 O tribunal publicará na páxina web da CSAG as listaxes definitivas de persoas aprobadas.

10.2. Contra esta baremación definitiva as persoas aspirantes poderán presentar recurso de alzada perante o Director de Recursos Humanos da CSAG, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á data da súa publicación e nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **11. CONDICIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO EN PRÁCTICAS**

O período de proba será de un mes. A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de un ano.

A retribución será, segundo o convenio colectivo vixente (DOG nº167, do 2 de setembro do 2015), do 70% do salario fixado para a categoría.

## **12. PROTECCIÓN DE DATOS**

Os datos facilitados polas persoas aspirantes serán tratados pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S. A. (CSAG), entidade prestadora do servizo de

comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio social en Bando, San Marcos, s/n, Santiago de Compostela.

Os datos persoais facilitados no currículo e aqueles outros que se faciliten durante o proceso de selección serán tratados co fin de valorar e xestionar as solicitudes de emprego e, se é o caso, levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal e, agás que a persoa interesada indique a súa vontade en contra, serán conservados cos fins indicados durante todo o período das prácticas, e da vixencia da listaxe de contratación se fose o caso, polo que será responsabilidade das persoas interesadas mantelos actualizados, xa que serán utilizados para comunicar as futuras vacantes que se axusten ao perfil e poidan resultar do interese das persoas aspirantes.

Ás persoas aspirantes daráselles unha folla de consentimento voluntario de tratamento de datos, informándoas de que os datos das persoas interesadas serán tratados sobre a base do seu consentimento, que poden retirar en calquera momento, suposto no que a súa candidatura poderá non ser tida en conta nos procesos de selección de persoal da CSAG. No caso de retirar o seu consentimento, iso non afectará á licitude dos tratamentos efectuados con anterioridade.

Santiago de Compostela, a 19 de xuño de 2026



CORPORACION  
DE SERVIZOS  
AUDIOVISUAIS  
DE GALICIA  
Departamento de  
Xestión das Persoas

Víctor Tubío Villar

Director do Departamento de  
Xestión das Persoas da CSAG

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA UN CONTRATO FORMATIVO PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA PROFESIONAL NA CATEGORÍA DE OPERADOR/A MONTADOR/A DE VÍDEO

Nome e apelidos	
Nº DNI, NIE...	
Enderezo	
Enderezo electrónico	
Teléfono	
Grao de discapacidade	
Adaptación de tempo e/ou medios	

### DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

Curriculum vitae
Fotocopia DNI
Acreditación da titulación e da nota media do expediente
Certificado de discapacidade
Certificado de estar en posesión do nivel do Celga requirido
Certificación da vida laboral actualizada
Anexo III declaración de non ter realizado as tarefas
Certificación da empresa (So para os casos aos que se refire o punto 6.1.8)

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_

## ANEXO II

### PROGRAMA DO PROCESO SELECTIVO

**TEMA 1.- DEREITO AUTONÓMICO EN MATERIA DE IGUALDADE.** Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.

**TEMA 2.- COÑECEMENTOS BÁSICOS.** Coñecementos básicos de electrónica aplicada. Coñecementos básicos de informática aplicada. Conceptos básicos de colorimetría. Conceptos básicos de son.

**TEMA 3.- TRATAMENTO DIXITAL DO SINAL DE TELEVISIÓN.** Normas de codificación, comprensión e soporte. Soportes e formatos. Codificadores e sistemas de comprensión.

**TEMA 4.- EQUIPOS DE MEDIDA E CONTROL.** Equipos de medida e control do sinal de vídeo. Equipos de medida e control do sinal de audio. Matrices de conmutación e conectividade.

**TEMA 5.- GRAVACIÓN E REPRODUCCIÓN DO SINAL DE VÍDEO.** Coñecementos básicos de equipos e soportes de gravación. Equipos de almacenamento en disco óptico (xd-cam) e disco duro. Inxesta en servidores de edición e redacción dixital. Formatos de comprensión, encapsulado, importación e exportación de ficheiros en equipos de edición, compatibilidades.

**TEMA 6.- EDICIÓN DE VÍDEO.** Conceptos básicos de edición lineal, A/B Roll, mesturadores de vídeo, mesturadores de son. Sistemas de edición offline e en liña. Código de tempo e edición multicámara. Xestión de proxectos e importación/exportación de arquivos. Sistemas de edición para producións en directo e retransmisións.

**TEMA 7.- LINGUAXE AUDIOVISUAL E TEORÍA DA MONTAXE.** Linguaxe formal da edición: ritmo, continuidade e racord. Transición e efectos de edición. Estilos de edición segundo o xénero e o target do programa. Sincronización de edición coa música e o son. A edición de noticias: coordinación co equipo de redacción. A edición de programas de ficción: coordinación con realización. Edición creativa.

## ANEXO III

### DECLARACIÓN XURADA

\_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, declaro que nos contratos de traballo que figuran no certificado da vida laboral non realicei as tarefas da categoría de \_\_\_\_\_ convocada pola CSAG, que se especifican na convocatoria.

E para que así conste e para os efectos da participación no presente proceso de selección, asino a presente declaración en \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_de \_\_\_\_\_do \_\_\_\_\_.

